

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, EN RELACIÓN AOS ESPAZOS DE DETERMINADOS ÓRGANOS XUDICIAIS E A MODIFICACIÓN DA QUENDA DE MAÑÁ/TARDE.

Polas distintas xefaturas territoriais se nos traslada a modificación das circunstancias en determinados órganos e servizos xudiciais que levaron ao inicial establecemento de quendas de tarde, previsto no punto 5 da Resolución do 8 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza que regula a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a Covid-19. Nesta fase establecérase a obriga de acudir de xeito presencial o 100% de los funcionarios, o que levaba a implantar quendas de mañá e tarde por motivo da necesidade de atender aos criterios das autoridades sanitarias necesarios para facer fronte á COVID-19, de acordo co previsto no anexo III da Orde JUS/394/2020, de 8 de maio, é dicir, cando non se podían establecer distancias mínimas de seguridade nos espazos de traballo.

Como tamén se indicaba no punto 5 da Resolución do 8 de xuño de 2020, a habilitación de medidas de seguridade, xunto coa modalidade de teletraballo, poderían facer variar os órganos e servizos incluídos en cada Anexo provincial da resolución do 8 de xuño para quendas de mañá e tarde.

En base á normativa indicada incluíronse inicialmente unha serie de órganos que, con posterioridade, veñen a cumprir os parámetros da distancia social como medida principal de protección colectiva á que fai referencia o Anexo I da Orde JUS/394/2020, de 8 de maio; máis concretamente o indicado no punto 2.3 do mencionado Anexo I, cando di que se utilizarán barreiras físicas (mamparas, paneis, mobiliario...) para manter unha separación efectiva entre os postos de traballo cando non se poda garantir a distancia entre os mesmos.

Pois ben, unha vez instaladas barreiras físicas en diversos órganos e servizos xudiciais é procedente deixar sen efecto o establecemento da quenda de tarde nos inicialmente previstos da provincia de Ourense e Pontevedra, e modificar os Anexos da Coruña e Lugo para incluír só aqueles órganos e servizos que deben continuar coa quenda de tarde, no sentido que a continuación se anexa.

A presente instrución entrará en vigor a partir do día 22 de xuño de 2020.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Xustiza
Juan José Martín Álvarez





PROVINCIA DA CORUÑA

	Centro de traballo	MAÑÁ/TARDE
Coruña cidade	REXISTRO CIVIL EXCLUSIVO	SI

Santiago	AUD.PROV.SECCIÓN N.6 (civil/penal)	SI
	XDO. PRIM. INST. N. 6 (familia)	SI
	XDO. INSTRUCIÓN N. 3 (VSM)	SI
	XDO. DO SOCIAL N. 1	SI
	XDO. DO SOCIAL N. 2	SI

PROVINCIA DE LUGO

	Centro de traballo	MAÑÁ/TARDE
Lugo cidade	SCNE	SI
	FISCALIA PROVINCIAL	SI

